



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2018.**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día vintedous de febreiro de dous mil dezaioito, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter ordinaria. Os membros asistentes son os seguintes:

D<sup>a</sup>. SUSANA FERNÁNDEZ POUSA.

D. JUAN ANTONIO SANTAMARÍA RODRÍGUEZ

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 13 DE FEBREIRO DE 2018.-** No foron formuladas alegacións nin reclamacións o borrador, quedando aprobada a Acta da sesión celebrada con data 13 de febreiro de 2018.

**2.- SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO - DEPORTIVAS 2018 DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE OURENSE.-** Dáse conta do Acordo da Xunta de Goberno de 2 de febreiro de 2018, da Deputación de Ourense, publicado no BOP número 39, de 17 de febreiro de 2018, pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria de concurso para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades físico - deportivas 2018.

En atención ao Acordo de referencia, redactouse memoria de actividades do Día do Deporte de Beade 2018.

Por elo, os membros da Xunta Local, por UNANIMIDADE, adoptan o seguinte acordo:

- Aprobar a memoria descritiva de actividades do Día do Deporte de Beade 2018, cun custo total de 3.000,00 euros.
- Solicitar á Deputación de Ourense unha subvención de 2.100,00 euros, que se establece na memoria.
- Comprometerse a financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao ampara da convocatoria ata o importe total da execución prevista.
- Facultar ao Alcalde para o asinamento de cantos documentos sexan necesarios para obter a finalidade da solicitude.”

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as doce horas e dez minutos, de todo o que, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Senén Pousa Soto.

Asdo. Pablo Fdez. Loureiro